

PUBLICACIÓN DE ADXUDICACIÓN OBRA POR PROCEDIMIENTO ABERTO

En relación co Procedemento de Contratación Aberto promovido polo Consorcio Casco Vello de Vigo, para as obras de rehabilitación nos edificios da rúa SAN SEBASTIAN 4-6/ SUBIDA CASTELO 5-7 en Vigo, o Comité executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, con data 28 de febreiro de 2013 adoptou, o seguinte acordo:

ADXUDICACION DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACION DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE SAN SEBASTIAN 4-6/ SUBIDA CASTELO 5-7

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

ANTECEDENTES

A) Por acordo do Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo en sesión de data 27/09/12 aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación mediante procedemento aberto das obras de rehabilitación de San Sebastián 4-6/Subida Castelo 5-7, en Vigo. Previamente, na mesma data e polo mesmo órgano fora aprobado o proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde, xeotecnico, e de telecomunicación visado, redactado por JAVIER FRANCO REBUÑAL E VICENTE PINTOS SANTIAGO.

B) Constituída a Mesa de Contratación e trala apertura dos sobres que contiñan a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o día 4 de febreiro de 2013, adopta, por unanimidade dos seus membros, acordo respecto da relación das ofertas por orde decrecente de puntuación, figurando a oferta presentada pola UTE XESTIÓN AMBIENTAL CONTRATAS., S.L._GEOTECNIA Y CIMENTOS, S.A coa puntuación máxima de 135,52 puntos.

C) Vista da resolución da Mesa de contratación de 4 de febreiro de 2013 pola que se clasifican por orde decrecente as ofertas presentadas, a Presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo adoptou acordo, segundo ao establecido no artigo 151 do TRLCSP e con base na delegación do Consello de Administración de data 8 de xullo de 2009, seguinte: 1º Declarar admitidas as doce empresas presentadas. 2º Desestimar as alegacións formuladas en relación coas ofertas declaradas en baixa desproporcionada con base nos razoamentos contidos nos informes da Secretaria de Mesa de contratación e da Directora da Área Técnica do Consorcio, ambos de data 30 de xaneiro de 2013. 3º Propoñer de acordo coa proposta da Mesa de contratación a orde decrecente seguinte:

UTE XESTIÓN AMBIENTAL CONST., S.L._GEOTECNIA Y CIMENTOS, S.A.: 135,52 puntos.

COPCISA SA. : 126,52 puntos.

UTE MACRAUT_EXTRACO, S.A._MISTURAS, S.A.: 126,16 puntos.

UTE ESPINA EDHINOR: 120,84 puntos.

UTE TALLER DE CONSTRUCCIÓN TMR, S.A. CONSTRUCCIONES SOLLA Y CIA S.L. : 119,31 puntos.

ISOLUX CORSÁN: 97,56 puntos.

UTE CTNES. ALDASA S.L.U- ANTALSIS: 94,56 puntos.

UTE CONSTRUCCIONES ALEA S.L.- CARLOS RIESCO S.L. : 89,96 puntos.

4º seleccionar de acordo coa orde de clasificación, como mais vantaxosa a UTE XESTIÓN AMBIENTAL CONST.,

S.L. GEOTECNIA Y CIMENTOS, S.A. . 4º) requerir ao licitador para que presente a documentación previa no prazo de dez días hábiles. 5º) Recibida a documentación elevar o expediente ao órgano de contratación para que acorde a adjudicación.

D) Con data 04 de febreiro de 2013 pola Xerencia do Consorcio Casco Vello de Vigo, solicitouse a UTE XESTIÓN AMBIENTAL CONTRATAS., S.L. GEOTECNIA Y CIMENTOS, S.A. a aportación da documentación previa que se esixe no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen no procedemento aberto para a adjudicación das obras de referencia, concedéndoselle un prazo de 10 días hábiles para a aportación da documentación.

Pola UTE XESTIÓN AMBIENTAL CONTRATAS., S.L. GEOTECNIA Y CIMENTOS, S.A. Se presentou dita documentación o día 14 de febreiro de 2013, dentro do prazo outorgado ao efecto. Revisada a documentación se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración, e comprobado que esta é correcta, procede adjudicar o presente contrato.

Segundo.- Conforme ao establecido no TRLCSP e en base á delegación do Consello de Administración de data 8 de xullo de 2009, procédese a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón ao Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

A) Desestimar as alegacións formuladas en relación coas ofertas declaradas en baixa desproporcionada, por UTE ARIAS HERMANOS_TUCONSA, DICSA, UTE CASTILLA CONST. ABS, S.A._CIVIS GLOBAL, S.L. con base aos razoamentos contidos nos informes da Secretaria da Mesa de Contratación de data 30 de xaneiro de 2013 e da Directora de Área Técnica do Consorcio de data da mesma data recollidos na resolución da Mesa de Contratación de data 4 de febreiro de 2013, xa que todas as ofertas propoñen unha baixa superior a 12,85% (0,5 veces a desviación típica máis a baixa de referencia), e os licitadores non xustificaron suficientemente que poden realizar a execución do contrato sen poñer en risco os traballos derivados do mesmo.

B) Desestimar as alegacións formuladas pola UTE CASTILLA CONST. ABS, S.A._CIVIS GLOBAL, S.L. , polas razóns expostas nos informes da Secretaria da Mesa de Contratación de data 30 de xaneiro de 2013 e da Directora de Área Técnica do Consorcio de data da mesma data recollidos na resolución da Mesa de Contratación de data 4 de febreiro de 2013.

c) Excluir da clasificación, as empresas que incorren en baixa desproporcionada, sendo estas as seguintes:

UTE ARIAS HERMANOS_TUCONSA: 14,5% de baixa.

DICSA: 16,5% de baixa.

UTE CASTILLA CONST. A.B.S., S.A._CIVIS GLOBAL, S.L.: 13% de baixa.

CONSTRUCCIONES SAN JOSÉ S.A.: 14,31% de baixa.

B) As empresas ISOLUX CORSÁN e e CTNES. ALEA S.L/ CARLOS RIESCO S.L. non poderán en ningún caso ser adjudicatarias por non ter como mínimo 45 puntos na puntuación técnica máxima, tal como se indica no apartado final do Anexo 15.

C)ADJUDICAR de acordo coa orde de clasificación, como proposición mais vantaxosa para a execución das obras de rehabilitación de San Sebastián 4-6/Subida Castelo 5-7 a UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRTAS, S.L. E GEOTECNIA Y CIMENTOS S.A.

Os datos das empresas que conformarán a UTE son os seguintes:

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRTAS, S.L.

CIF B-36.746.584.

Enderezo social: C/ Isaac Peral, núm. 12, entresuelo. 36202 Vigo.

Rexistro de Contratistas de la Xunta de Galicia número 1219.

GEOTECNIA Y CIMENTOS S.A.

CIF: A-28.208.874.

Enderezo social: C/Los llanos de Jerez, número 10-12, 28823 Coslada (Madrid)

Rexistro de Contratistas de la Xunta de Galicia número 3599.

As condicións da oferta son:

Prezo: UN MILLÓN CENTO VINTE DOUS MIL SETECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON VINTENOVE CÉNTIMOS DE EURO (1.122.799,29€) , a esta cantidade correspóndelle un IVE do 10%, o que supón un importe de cento doce mil douscentos setenta e nove euros con noventa e tres céntimos de euros (112.279,93€). A presente oferta, supón unha baixa do 11,10% do tipo de licitación .

Prazo de execución : 15 meses (quinze meses) .

Prazo de garantía: 144 meses (cento corenta e catro meses) .

Plan de mantemento con presenza física, 144 meses.

Plan de mantemento integral, 144 meses.

Control de calidade, 3% .

A formalización do contrato efectuarase no prazo previsto no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público.

O que se fai público aos efectos do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, significando que o presente acordo pon fin á vía administrativa, e contra o mesmo caberá recurso contencioso administrativo conforme ao previsto na lei reguladora de dita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Vigo, 05 de marzo de 2013.

A secretaria do Consorcio Casco Vello de Vigo



Marta Mª Riobó Ibáñez.

